Outras	Valoración do traballo autónomo do alumno a través de probas de autoevaluación a través de Moodle. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Capacitación para a selección, manexo e tratamento da información e os datos artísticos básicos nun contexto tanto disciplinar como multidisciplinar	10	A4	C27 C28 C29 C33	D1 D7 D8 D14	

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollen á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados de aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Se especificarán as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan poder acceder ao mesmo porcentaxe de nota. O seguimento individualizado da participación dos alumnos a través das TIC será feito a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade, asistindo ás titorías, que serán fixadas nun horario compatible coa súa actividade, para resolver as dúbidas surxidas no transcurso da avaliación. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de

Estudiantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos/as que non poidan acollerse á avaliación contínua, deberán comunicarlo ao profesor no inicio do curso, debidamente xustificado. Serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio, que representará un 30% desta.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

BONET CORREA, A., **Historia de las artes aplicadas e industriales en España**, Catedra,

BOZAL, V., **El lenguaje artístico**, Península,

CALABRESE, **El lenguaje del arte**, Paidós,

CALABRESE, **Cómo se lee una obra de arte**, Cátedra,

DOERNER, M., **Los materiales de pintura y su empleo en el arte**, Reverté,

MALTESE, C., **Las técnicas artísticas**, Cátedra,

WITTKOWER, R., **La escultura: procesos y principios**, Alianza,

---

### **Recomendacións**

#### **Outros comentarios**

Recoméndaselle ao alumno a familiarización cun léxico de termos e voces de arte e arquitectura para a comprensión das diferentes disciplinas de Historia da Arte.

Ao longo do curso entregarase unha documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moodle, polo que todos os alumnos deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Idioma moderno: Inglés para humanidades**

Materia	Idioma moderno: Inglés para humanidades			
Código	O02G251V01104			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Figueroa Revilla, Beatríz Olga			
Profesorado	Fernández Carballo Calero, María Victoria Figueroa Revilla, Beatríz Olga			
Correo-e	revilla@uvigo.es			
Web	<a href="http://fatic.uvigo.es">http://fatic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	O obxectivo principal desta materia é introducir ao alumno na terminoloxía básica utilizada nas áreas de Historia, Arte e Xeografía; así como consolidar coñecementos previos de lingua inglesa.			

**Competencias**

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B4	Desenvolver as destrezas asociadas á elaboración, transmisión e xestión do ""saber"" e ""saber facer"" adquirido así como dos resultados do seu razoamento crítico
B6	Aplicalas no contexto do futuro académico e/ou profesional; e crear as bases para futuros estudos de postgrao, especializados e/ou multi-disciplinares
C13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais
C17	Capacidade de ler textos historiográficos e documentos orixinais na propia lingua así como de transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente
D5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
D10	Atención á diversidade e á multiculturalidade.
D11	Capacidade de aprendizaxe autónoma
D14	Motivación pola calidade
D16	Coñecemento doutras culturas

**Resultados de aprendizaxe**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Dominio do inglés como lingua extranxeira	A1	B4	C13	D5
	A2	B6	C17	D10
	A3			D11
				D14 D16
Capacidade de comunicación oral e escrita	A4	B4	C13	D5
	A5	B6	C17	D10
				D11
				D14
				D16

Capacidade de traballo a nivel individual e en equipo

A3 B4 C13 D5  
A4 B6 C17 D10  
A5 D11  
D14  
D16

Habilidades no manexo de tics para a búsqueda de aproveitamento de información	A1 B4 C13 D5 A2 B6 C17 D10 A3 D11 A4 D14 A5 D16
--	---

### Contidos

Tema	
1. History	1.1. Specific vocabulary 1.2. Grammar 1.3. Language skills: reading, writing, listening, speaking.
2. Art	1.1. Specific vocabulary 1.2. Grammar 1.3. Language skills: reading, writing, listening, speaking.
3. Geography	1.1. Specific vocabulary 1.2. Grammar 1.3. Language skills: reading, writing, listening, speaking.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	23	43	66
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	50	50
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	10	5	15
Traballos de aula	5	2	7
Probas de tipo test	2	0	2
Probas de resposta curta	3	0	3
Traballos e proxectos	5	0	5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Horas reservadas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas polo Departamento de Historia, Arte e Xeografía e pola Facultade de Historia.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
Traballos de aula	En todas as actividades e probas que forman parte da programación da materia valorarase a participación do estudante.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).

Sesión maxistral	Actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).

## Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: dominio do inglés como lingua estranxeira, habilidades no manexo de tics para a búsqueda de aproveitamento de información	30	A1 B4 C13 D5 A2 B6 C17 D10 A3 D11 A4 D14 A5 D16
Resolución de problemas e/ou exercicios	Traballo no que o alumno debe resolver unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesor. Nel o alumno debe aplicar os coñecementos que adquiriu. A resolución pode ser presencial e non presencial. Pódense empregar diferentes ferramentas para aplicar esta técnica como, por exemplo, o chat, correo, foro, audioconferencia, videoconferencia, etc. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: dominio do inglés como lingua estranxeira, habilidades no manexo de tics para a búsqueda de aproveitamento de información	10	A1 B4 C13 D5 A2 B6 C17 D10 A3 D11 A4 D14 A5 D16
Traballos de aula	Asistencia continuada e participación activa nas sesións teóricas, titorías e outras actividades. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: dominio do inglés como lingua estranxeira, capacidade de comunicación oral e escrita, capacidade de traballo a nivel individual e en equipo	10	A1 B4 C13 D5 A2 B6 C17 D10 A3 D11 A4 D14 A5 D16
Probas de tipo test	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadero/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: dominio do inglés como lingua estranxeira	10	A1 B4 C13 D5 A2 B6 C17 D10 A3 D11 D14 D16
Probas de resposta curta	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas directas sobre un aspecto concreto. Os alumnos deben responder de maneira directa e breve en base aos coñecementos que teñen sobre a materia. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: dominio do inglés como lingua estranxeira, capacidade de comunicación oral e escrita, capacidade de traballo a nivel individual e en equipo	20	A1 B4 C13 D5 A2 B6 C17 D10 A3 D11 A4 D14 A5 D16
Traballos e proxectos	Elaboración e presentación de pequenos proxectos en inglés relacionados cos contidos do curso. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: dominio do inglés como lingua estranxeira, capacidade de comunicación oral e escrita, capacidade de traballo a nivel individual e en equipo, habilidades no manexo de tics para a búsqueda de aproveitamento de información	20	A1 B4 C13 D5 A2 B6 C17 D10 A3 D11 A4 D14 A5 D16

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Será necesario asistir polo menos a un 80% das sesións presenciais para ser avaliados a través das referidas ponderacións. Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Se especificarán as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial o remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan poder acceder ao mesmo porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través

das TIC será feito a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña etc...). O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade, asistindo ás titorías, que serán fixadas nun horario compatible coa súa actividade, para resolver as dúbidas xurdidas no trancurso da avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles. Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación continúa, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita que suporá o 70% da nota final e un traballo práctico (que representa o 30% restante).

---

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

---

SÁNCHEZ, M.E. & ARROYO, M. L. (2010). English for Art and Humanities. Netbiblo.

SWAN, M. (1995). Practical English Usage. Oxford: Oxford University Press.

OXENDEN, Clive (2010). New English File, Intermediate Plus, Student's Book, Oxford: Oxford University Press.

---

### **Recomendacións**

---

### **Outros comentarios**

---

Ao longo do curso entregarase una documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moodle, polo que todos os alumnos deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Historia de América precolombina e colonial**

Materia	Historia de América precolombina e colonial			
Código	O02G251V01105			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Sixirei Paredes, Carlos Manuel			
Profesorado	Sixirei Paredes, Carlos Manuel			
Correo-e	sixirei@uvigo.es			
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	Estudio das orixes e desenvolvemento das culturas indíxenas americanas e dos procesos de descubrimento, conquista e colonización do novo mundo.			

**Competencias**

Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais
C12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado
C13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais
C14	Coñecemento da estrutura diacrónica xeral do pasado
C16	Coñecemento detallado dun ou máis períodos específicos do pasado da humanidade
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Aplicación dos coñecementos
D3	Capacidade de organización e planificación
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
D7	Capacidade de razoamento crítico
D8	Compromiso ético e responsabilidade social
D9	Traballo en equipo en diversos contextos
D10	Atención á diversidade e á multiculturalidade.
D11	Capacidade de aprendizaxe autónoma
D16	Coñecemento doutras culturas

**Resultados de aprendizaxe**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecemento dos conceptos principais da Historia de América	A3		C14 C16	D4 D7 D9 D10 D16
Coñecemento dos procesos históricos americanos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias	A3	B2	C14 C16	D7 D11 D16
Coñecemento da Historia americana nunha perspectiva comparada	A5	B2	C12 C13	D1 D7 D8 D11 D16



Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado	A5	B2	C12 C13 C14	D2 D3
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas	A3			D2 D7 D16
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica	A4	B2	C13	D1 D2 D3 D4 D7 D9

### Contidos

#### Tema

1. América Precolombina	1.1 As orixes do home americano 1.2 As primeiras culturas e os modelos de organización social 1.3 As grandes culturas indíxenas
2. América colonial	2.1 As navegacións atlánticas 2.2 Descubrimento e conquista de América 2.3 Os diversos modelos de ocupación do territorio e a súa organización administrativa 2.4 A economía das colonias europeas 2.5 Sociedade e cultura na etapa colonial

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	0	2
Sesión maxistral	22	34	56
Traballos tutelados	5	20	25
Traballos de aula	4	15	19
Titoría en grupo	8	15	23
Seminarios	6	14	20
Actividades introdutorias	1	0	1
Probas de resposta curta	2	2	4
Outras	0	0	0

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Eventos docentes e/ou divulgativos	Asistencia a eventos ou actividades divulgativas.
Sesión maxistral	Exposición das liñas de interpretación e desenvolvemento dos temas que forman parte do programa de contidos.
Traballos tutelados	Atención personalizada a resolución de problemas derivados da realización dos traballos individuais.
Traballos de aula	Actividades destinadas a exercicios prácticos.
Titoría en grupo	Discusión e resolución de problemas xurdidos na realización dos traballos prácticos e nas clases maxistrais
Seminarios	Sesións dirixidas a grupos que traballarán dende o comezo do curso nun tema práctico concreto. Estes traballos terán tamén horas de tutelaxe. Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento e a Facultade.
Actividades introdutorias	Explicación da metodoloxía e do programa de actividades da asignatura, así como do sistema de avaliación.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Explicación das liñas xerais da realización dos traballos persoais e resolución de dúbidas.
Traballos tutelados	Explicación das liñas xerais da realización dos traballos persoais e resolución de dúbidas.
Traballos de aula	Explicación das liñas xerais da realización dos traballos persoais e resolución de dúbidas.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Sesión maxistral	Valorarase mediante probas de resposta curta. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento dos procesos históricos americanos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias.	40	A3	B2	C14 C16	D2 D7 D11 D16
Traballos tutelados	As sesións de traballo tutelado avaliaranse mediante a realización dun traballo a desenrolar sobre algún tema do programa. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica.	30	A4	B2	C13	D1 D2 D3 D4 D7 D9
Traballos de aula	Comentarios de texto e material gráfico que será suministrado polo profesor. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas	20	A3			D2 D7 D16
Outras	En todas as actividades e probas que conforman a programación da materia valorarase a participación activa do alumnado. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento da Historia América nunha perspectiva comparada	10	A5	B2	C12 C13	D1 D7 D8 D11 D16

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación continúa, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio que representará un 30% desta.

### Bibliografía. Fontes de información

BETHELL, L. (ed.), **Historia de América Latina (Vols. I-IV)**, Crítica,  
 CIUDAD, A.; LUCENA, M.; MALAMUD, C., **Manual de Historia Univesarl. Historia de América. Tomo X**, Historia 16,  
 MARCHENA, J.; GARAVAGLIA, J.C, **América Latina de los orígenes a la independencia**, Crítica,  
 NAVARRO GARCÍA, L. (dir.), **Historia de las Américas. T I-II**, Alhambra,  
 RAMOS, D. (coord.), **Manual de Historia Universal. Vols. IX-XI**, Nájera,  
 SIXIREI PAREDES, C., **Historia de América. T. I**, Ir Indo,

### Recomendacións

#### Materias que continúan o temario

Historia de América contemporánea/O02G250V01702

### Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase unha documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moodle, polo que todos os alumnos deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Xeografía: Fundamentos de xeografía humana**

Materia	Xeografía: Fundamentos de xeografía humana			
Código	O02G251V01201			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Patiño Romaris, Carlos Alberto			
Profesorado	Patiño Romaris, Carlos Alberto			
Correo-e	xecarlos@gmail.com			
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	O carácter de formación básica desta materia no Grao de Xeografía e Historia vén xustificado pola contribución que desde a mesma realízase á formación do futuro graduado: en Fundamentos de Xeografía Humana faise unha boa aproximación ao coñecemento dos grandes problemas sociais que afectan a gran parte da Humanidade a comezos do milenio. Medir e interpretar as dinámicas demográficas e as súas consecuencias, as transformacións urbanas, os problemas do mundo rural ou os impactos ambientais das múltiples actividades económicas, etc., forman o núcleo central da materia de estudo e de aí a súa relevancia no Grao			

**Competencias**

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer o territorio (ambiente, sociedade, cultura) dende unha perspectiva diacrónica e sincrónica
B3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica
C2	Coñecemento das claves e desenvolvemento do ámbito da Xeografía Humana
C3	Coñecemento das claves e desenvolvemento dos espazos xeográficos, (aspectos físicos, humanos, económicos) na súa dinámica socio-territorial
C4	Conciencia crítica da relación entre os fenómenos xeográficos, físicos e humanos, a diferentes escalas territoriais
C5	Integración das dimensións espacial e temporal na explicación dos procesos territoriais
C6	Coñecemento e aplicación dos principais métodos e técnicas de investigación xeográfica
C7	Uso correcto da información xeográfica como instrumento de interpretación dos sistemas territoriais
C8	Desenvolvemento e aplicación dos procedementos de traballo de campo
D1	Capacidade de análise e síntese
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
D5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
D7	Capacidade de razoamento crítico
D9	Traballo en equipo en diversos contextos
D11	Capacidade de aprendizaxe autónoma
D15	Sensibilidade cara temas ambientais.

**Resultados de aprendizaxe**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecemento dos conceptos fundamentais da Xeografía Física, a Xeografía Humana e a Análise Xeográfica, integrados no proceso de desenvolvemento do campo disciplinar da Xeografía	A1	B1	C2	D1
	A3		C5	D4 D15
Comprensión dos fenómenos xeográficos como manifestación de relacións complexas entre variables físicas, humanas e socioeconómicas	A1	B1	C3	D1
	A3	B3	C4	D4 D7 D11 D15

Toma de conciencia sobre as achegas da ciencia xeográfica no ámbito académico e social, manifestada a través dun razoamento crítico que incida en aspectos ambientais e culturais	A3	B3	C4 C5	D1 D4 D7
Coñecemento e capacitación para a selección, manexo e tratamento da información e datos xeográficos nun contexto disciplinar e multidisciplinar	A5	B3	C6 C7 C8	D1 D4 D5 D9 D15
Habilidade para a realización de traballo, utilizando técnicas de carácter cualitativo e cuantitativo, e posta en valor para a diversidade e benestar social	A3 A5	B3	C6 C7 C8	D4 D5 D7 D9 D11

## Contidos

Tema	
1. Mirar, pensar e analizar o territorio	1.1. A Xeografía como ciencia. Evolución da Xeografía Humana: da descrición ao método científico. O espazo como produto social. 1.2. Os conceptos clave articuladores da Xeografía moderna. Relacións ser humano-medio, espazo, rexión, paisaxe. 1.3. A observación do territorio: o problema das escalas xeográficas e niveis de análise espacial
2. Relacións sociedade-medio.	2.1. O concepto de ecosistema e o medio natural mundial. 2.2. O estudo das poboacións. As fontes de análise demográfica e a súa interpretación. Dinámica demográfica e estrutura da poboación. Os modelos de transición demográfica. Os movementos migratorios 2.3. O crecemento da poboación e as políticas demográficas. A distribución desigual da poboación, dos recursos e da actividade
3. Espazos rurais e espazos urbanos: complementariedade e interdependencia	3.1. O proceso de urbanización. Etapas no desenvolvemento urbano. Definición de cidade. Criterios e problemas 3.2. A cidade como espazo. Os conceptos de localización e situación. O valor xeo-histórico do plano urbano e análise dalgunhas tipoloxías de cidades. A imaxe da cidade. Morfoloxía e estrutura urbana. O espazo urbano como un produto social. Os problemas das cidades 3.3. Os espazos rurais. A funcionalidade dos medios rurais nas sociedades urbanas: heteroxeneidade, subordinación e dependencia

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	15	5	20
Traballos de aula	5	20	25
Traballos tutelados	0	30	30
Seminarios	10	20	30
Titoría en grupo	5	0	5
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	5	25	30
Outras	10	0	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Explicación, por parte do profesor, dos contidos básicos da materia. Tratarase de incentivar a participación crítica e reflexiva do alumnado nestas clases teóricas
Traballos de aula	Estas actividades estarán encamiñadas á explicación e resolución de exercicios prácticos na aula en consonancia e en función das clases teóricas: análise e interpretación de materiais gráficos diversos, cadros estatísticos, cálculo de índices e taxas, comentario de audiovisuais e manexo do TIC
Traballos tutelados	Estas actividades están encamiñadas a potenciar o traballo autónomo e en grupo de alumno mediante casos prácticos de aplicación dos contidos da materia: manexo de fontes, tratamento de datos, realización de informes, etc.
Seminarios	Como metodoloxía activa, realizaranse exposicións de traballos bibliográficos elaborados polos alumnos co obxectivo de profundar nas cuestións fundamentais dos temas da materia. Estas sesións darán lugar á participación, discusión e conclusións ás que teñen que chegar os asistentes ao seminario

Titoría en grupo	Dedicarase fundamentalmente a orientar ao alumno na realización do seu traballo autónomo ou en grupo. Prestarase especial atención aos aspectos relacionados coa planificación e organización das diferentes actividades prácticas, seminarios, etc.
------------------	--

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A atención personalizada complementará a docencia teórico-práctica mediante o asesoramento e orientación en todo tipo de problemas, consultas e dúbidas en relación coa aprendizaxe da materia
Seminarios	A atención personalizada complementará a docencia teórico-práctica mediante o asesoramento e orientación en todo tipo de problemas, consultas e dúbidas en relación coa aprendizaxe da materia
Titoría en grupo	A atención personalizada complementará a docencia teórico-práctica mediante o asesoramento e orientación en todo tipo de problemas, consultas e dúbidas en relación coa aprendizaxe da materia

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballos de aula	Teranse en conta os coñecementos operativos adquiridos nas sesións prácticas da aula, así como a capacidade de interpretación e representación gráfica da información.  Con iso, o alumno dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe:  - Coñecemento e capacitación para a selección, manexo e tratamento da información e datos xeográficos nun contexto disciplinar e *multi-disciplinar. - Habilidade para a realización de traballo, utilizando técnicas de carácter cualitativo e cuantitativo, e posta en valor para a diversidade e benestar social.	5	A1 A3 A5	B3	C6 C7	D1 D4 D5 D11
Traballos tutelados	Teranse en conta os coñecementos operativos adquiridos nas sesións prácticas da aula, así como a capacidade de interpretación e representación gráfica da información e a capacidade de organizar e xestionar a información en grupo.  Con iso, o alumno dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe:  - Coñecemento e capacitación para a selección, manexo e tratamento da información e datos xeográficos nun contexto *disciplinar e *multi-disciplinar. - Habilidade para a realización de traballo, utilizando técnicas de carácter cualitativo e cuantitativo, e posta en valor para a diversidade e benestar social. - Comprensión dos fenómenos xeográficos como manifestación de relacións complexas entre variables físicas, humanas e socio económicas.	5	A1 A3 A5	B3	C3 C6 C7 C8	D1 D4 D5 D9 D11
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Varias probas que demostren os coñecementos teóricos adquiridos.  Con iso, o alumno dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe:  - Coñecemento dos conceptos fundamentais da Xeografía Física, a Xeografía Humana e a análise Xeográfica, integrados no proceso de desenvolvemento do campo *disciplinar da Xeografía. Especialmente, polo campo da materia, do ámbito da Xeografía Humana. - Toma de conciencia sobre as achegas da ciencia xeográfica no ámbito académico e social, manifestada a través dun razoamento crítico que incida en aspectos ambientais e culturais. - Comprensión dos fenómenos xeográficos como manifestación de relacións complexas entre variables físicas, humanas e socio-económicas.	60	A1 A3	B1	C2 C4	D1 D4 D7 D15

Outras	- Asistencia e participación activa nas actividades da aula.	30	A1	B3	C3	D1
	- Participación activa nos traballos de aula.		A3		C6	D4
	- Participación activa nos traballos tutelados.		A5		C7	D5
	Con iso, o alumno dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe:				C8	D9
	- Coñecemento e capacitación para a selección, manexo e tratamento da información e datos xeográficos nun contexto *disciplinar e *multi-disciplinar					D11
	- Habilidade para a realización de traballo, utilizando técnicas de carácter cualitativo e cuantitativo, e posta en valor para a diversidade e benestar social					

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados de aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan poder acceder ao mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través do TIC será feito a través das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas e exercicios en liña, etc.). O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade, asistindo ás tutorías, que serán fixadas nun horario compatible coa súa actividade, para resolver as dúbidas xurdidas no transcurso da avaliación continua. Así mesmo, deberá acudir ás probas que os docente/s dispoñan como imprescindibles. Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación continua, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio que representará un 30% desta.

Os mesmo requirimentos que rexen para as convocatorias ordinarias farano para a de xullo e outras convocatorias

### Bibliografía. Fontes de información

#### BIBLIOGRAFÍA BÁSICA Y COMPLEMENTARIA

- AGUILERA, M.J. y otros (2002). Ejercicios prácticos de Geografía Humana. Madrid, UNED
- BAILLY, A. y BÉGUIN, H. (2001): Introduction à la géographie humaine. París, Armand Colin, 8ª ed.
- CARRERAS, C., et. Alt. (1998): Trabajos prácticos de Geografía Humana. Madrid, Síntesis
- CHARVET, J. y SIVIGNON, M. (Dir.), (2002) : Géographie Humaine. París, Armand Colin
- HIERNAUX, D.y LINDÓN, A. (Dir.), (2006): Tratado de Geografía Humana. México, Anthropos
- JOHNSTON, R., et alt., (2000): The Dictionary of Human Geography. Oxford, Blackwell, 8ª ed.
- NOGUÉ, J. y ROMERO, J. (eds.), (2006): Las otras geografías. Valencia, Tirant Lo Blanch
- ROMERO, J. (coord.), (2007): Geografía Humana. Barcelona, Ariel, 2ª ed.
- SEGRELLES, J. (dir), (2002): Geografía Humana. Alicante, Editorial Club Universitario
- WACKERMANN, G. (2000): Géographie Humaine. París, Ellipses
- ZÁRATE, M. y RUBIO, M. (2005): Geografía Humana. Madrid, Ed. Ramón Areces
- ZÁRATE, M. y RUBIO, M. (2006): Glosario y prácticas de Geografía Humana. Madrid, Ed. Ramón Areces

### Recomendacións

### Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase unha documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moodle, polo que todos os alumnos deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS</b>				
<b>Historia: Introducción á historiografía</b>				
Materia	Historia: Introdución á historiografía			
Código	002G251V01202			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Valín Fernández, Alberto Juan Prada Rodríguez, Julio			
Profesorado	Prada Rodríguez, Julio Valín Fernández, Alberto Juan			
Correo-e	avalin@uvigo.es jprada@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descrición xeral	Introdución ao estudo dos fundamentos básicos da historiografía, prestando especial atención ás características expistemolóxicas da ciencia histórica, e á xénese e desenvolvemento das diversas teorías históricas, incluídas as tendencias e escolas actuais.			

### Competencias

Código	Descrición
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica
C17	Capacidade de ler textos historiográficos e documentos orixinais na propia lingua así como de transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente
D1	Capacidade de análise e síntese
D5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
D9	Traballo en equipo en diversos contextos

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado.	A5	B3		
Coñecemento dos principais problemas e debates historiográficos.	A4	C17	D1	D5 D9

### Contidos

Tema	Contidos
1. O pensamento historiográfico.	1.1. Das orixes á Ilustración. 1.2. Da Ilustración á aparición das grandes escolas historiográficas.
2. As grandes correntes historiográficas.	2.1. O Materialismo Histórico. 2.2.. A escola de Annales. 2.3. A historia económica.
3. Tendencias actuais e novos enfoques.	3.1.. A historia social. 3.2. A historia política. 3.3.. A historia das mentalidades. 3.4. A historia cultural. 3.5. Outros enfoques: da biografía histórica á historia de xénero.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Titoría en grupo	6	0	6
Traballos tutelados	1	15	16

Prácticas en aulas de informática	2	0	2
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	0	2
Seminarios	8	28	36
Traballos de aula	4	2	6
Sesión maxistral	21	40	61
Probas de resposta curta	2	5	7
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	10	12
Outras	0	0	0

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades orientadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado e a presentar a materia.
Titoría en grupo	Sesións orientadas ao seguimento e orientación sobre o estudo de contidos, a preparación das actividades e probas de avaliación e a realización dos traballos en grupo.
Traballos tutelados	Traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado orientados ao achegamento aos instrumentos de recompilación de información e ás fontes propias da época contemporánea. Deberán estar asignados inexcusamente antes do remate do primeiro mes do cuadrimestre.
Prácticas en aulas de informática	Actividades prácticas orientadas á busca de información na rede
Eventos docentes e/ou divulgativos	Asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia
Seminarios	Traballo de aula individual ou en grupos informais a partir de materiais de diversa natureza co obxectivo de afondar nunha selección de contidos de especial dificultade ou relevancia introducidos ou non nas sesións maxistras.
Traballos de aula	Actividades orientadas á resolución de exercicios prácticos na aula relacionados cos contidos introducidos nas sesións maxistras que inclúan a resolución de comentarios e composicións de texto histórico, mapas históricos e análise e interpretación de materiais gráficos.
Sesión maxistral	Exposición dos contidos da materia.

### Atención personalizada

#### Metodoloxías Descrición

Titoría en grupo	Resolución de dúbidas sobre a materia explicada na lección maxistral, sobre as lecturas recomendadas para a preparación das clases prácticas e dos seminarios. Resolución de calquera outra dúbida ou problema que puidera presentar o alumno.
------------------	--

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballos tutelados	Presentación e entrega, na data sinalada dos traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado. Valorarase o marco teórico, a estrutura e articulación do traballo, a reflexión crítica sobre as fontes e a presentación formal do mesmo.	15	C17 D5 D9
	Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos principais problemas e debates historiográficos		
Seminarios	Selección, presentación, análise e crítica dos materiais traballados e capacidade para fomentar o debate, a discusión e a participación.	10	D1 D5
	Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos principais problemas e debates historiográficos		
Traballos de aula	Presentación e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos parámetros indicados, dos exercicios prácticos indicados. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado	5	A5 B3
